

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

Convocatoria de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do “Plan de recuperación, transformación e resiliencia – financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU” correspondente á Contorna Residencial de Rehabilitación Programada do Casco histórico do Concello de Santiago de Compostela

Capítulo 1 DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1 OBXECTO E FINALIDADE

De acordo ao art. 20.1,2 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, esta convocatoria ten por obxecto o inicio do procedemento de concesión de axudas a actuacións coa finalidade de rehabilitar edificios residenciais de acordo ao Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, previsto no Real decreto 853/2021 (en adiante RD 853/2021), do 5 de outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e a Resolución do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio, en virtude do compromiso adquirido polo Concello no marco do Acordo Nº 15 da Comisión Bilateral asinado o 11 de maio de 2023 (en adiante ACB 11.05.2023) no ámbito do Entorno Residencial de Rehabilitación Programada (en adiante ERRP) do Casco histórico do Concello de Santiago de Compostela.

As actuacións encaixan nos compoñentes, reformas e investimentos amparados polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia: compoñente (C), investimento (I) e obxectivo CID a cuxo cumprimento contribúe. Neste caso trátase do Compoñente 2, Investimento 1 (C02.I01) e obxectivo CID 28.

Artigo 2 BASES REGULADORAS

As subvencións desta convocatoria rexeranse polas bases reguladoras deste programa contidas no RD 853/2021, coas especificacións e limitacións recollidas na Resolución do IGVS do 8 de xullo de 2022 (DOG núm.137, en adiante RES 8/07/22) e a corrección de erros de 6 de febreiro de 2023 (DOG núm.25) pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (en adiante PRTR), financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU,.

En todo o non recollido nas bases reguladoras e nesta resolución aplicarase o disposto en:

- . Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións do Estado (LXS en adiante).
- . Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións do Estado.
- . Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- . Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, Lei 39/2015).

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

- Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia e demais disposicións relativas á execución e xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR) e do Mecanismo de recuperación e resiliencia (DOUE do 18 de febreiro)
- Real decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de intereses nos procedementos que executen o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.
- Bases de execución do orzamento municipal do ano 2024.
- Plan de Prevención de Riscos e Medidas contra a Fraude do Concello de Santiago de Compostela

En defecto do previsto nesta normativa, aplicaranse as normas de dereito administrativo, así como as normas de dereito privado ou outras de ámbito nacional ou europeo que puidesen resultar aplicables.

Estas axudas estarán sometidas aos requisitos e límites establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de *minimis*, e no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, aplicándose a exención correspondente ás axudas ao investimento destinadas a medidas de eficiencia enerxética regulada no artigo 38.

Artigo 3 CRÉDITO ORZAMENTARIO DISPONIBLE

Tal como establece o artigo 20.2.b da LSG, indícase que o financiamento dispoñible para estas axudas é a cantidade recollida no Acordo n.º 15 da comisión bilateral, celebrada o 11 de maio de 2023, relativo aos entornos residenciais de rehabilitación programada delimitados no Concello de Santiago de Compostela, en relación coa execución dos programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU na Comunidade Autónoma de Galicia.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

A contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos orzamentarios dispoñibles, que constitúe o límite das axudas que se poden conceder nesta convocatoria, referida ao ERRP do Casco Histórico, ascende a 2.083.200,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2023 2 NGCHI 19.

O programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio está financiado con fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, ao estar incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Artigo 4 RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

A concesión das subvencións recollidas nesta convocatoria tramitarase polo procedemento ordinario de concorrncia competitiva, seguindo a orde de prelación establecida nesta convocatoria, ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible.

Artigo 5 ACTUACIONES SUBVENCIONABLES

De conformidade co artigo 19.1.a da RES 8/7/22, son subvencionables as actuacións de mellora ou rehabilitación de edificios de uso predominante residencial para vivenda, nas que, como requisitos básicos se cumpra:

- Atoparse dentro do ámbito do Entorno residencial de rehabilitación programada do Casco histórico (CH) declarado no municipio de Santiago de Compostela na sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Santiago de Compostela Pleno celebrada o 29 de setembro de 2022 (achégase como anexo a esta convocatoria a delimitación gráfica do ERRP)..
- No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva, deberá cumprirse que:
 - a) Polo menos, 50 % da súa superficie construída sobre rasante, excluída a planta baixa ou plantas inferiores se ten ou teñen outros usos compatibles, teña uso residencial de vivenda.
 - b) As actuacións contén co acordo da comunidade ou comunidades de persoas propietarias de que se trate, debidamente agrupadas, salvo nos casos de edificios de propietario único, e coa autorización ou autorizacións administrativas correspondentes, cando sexa preceptivo.
- Obter coa actuación subvencionada unha redución do consumo de enerxía primaria non renovable, referida á certificación enerxética de, polo menos, o 30 % e unha redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración de, polo menos, o 25 % na Zona climática C e o 35 % na Zona climática D.

No capítulo desta norma correspondente ás actuacións subvencionables recóllense as normas particulares e criterios de aplicación, e os requisitos dos edificios, das actuacións e da documentación técnica.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

Artigo 6 PERSOAS DESTINATARIAS DAS AXUDAS

De conformidade cos artigos 13 do RD 853/2021 e 21 da RES 8/7/22, poderán ser persoas destinatarias últimas destas axudas as que asuman a responsabilidade da execución integral da actuación. Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumida por cada unha.

No capítulo desta norma correspondente ás persoas beneficiarias recóllense os seus requisitos e obrigas.

Artigo 7 CONTÍA DA SUBVENCIÓN

De conformidade co disposto no artigo 23 da RES 8/07/22 e a corrección de erros de 6 de febreiro de 2023, a contía máxima das axudas determinarase atendendo ao custo total das actuacións a desenvolver, segundo os criterios de fixación de contías establecidos na táboa seguinte, sen que poidan superar o menor dos seguintes límites en función do nivel de aforro en consumo de enerxía primaria non renovable conseguido mediante a actuación:

Aforro enerxético conseguido coa actuación	Porcentaxe máxima da subvención do custo da actuación	Contía máxima da axuda por vivenda	Contía máxima da axuda por local comercial ou outros usos
	%	LIM/VIV	LIM/M2
$30\% \leq \Delta C_{ep,nrenv} < 45\%$	40%	8.100,00 €	72,00 €
$45\% \leq \Delta C_{ep,nrenv} < 60\%$	65%	14.500,00 €	130,00 €
$\Delta C_{ep,nrenv} \geq 60\%$	80%	21.400,00 €	192,00 €

- O límite porcentual obterase multiplicando a porcentaxe máxima establecida na táboa anterior polo custo das actuacións subvencionables.
- O límite individual obterase multiplicando a contía máxima da axuda por vivenda, establecida na táboa, polo número de vivendas dos edificios, incrementada, se é o caso, pola contía de axuda por metro cadrado de superficie construída sobre rasante de local comercial ou outros usos distintos a vivenda, sempre e cando estes participen nos custos de execución da actuación.

Cando haxa que proceder á retirada de elementos con amianto poderá incrementarse a contía máxima da axuda na cantidade correspondente aos custos debidos á retirada, á manipulación, ao transporte e á xestión dos residuos de amianto mediante empresas autorizadas, ata un máximo de 1.000 euros por vivenda ou 12.000 euros por edificio obxecto de rehabilitación.

Os límites establecidos poden incrementarse cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalguna das persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas obxecto de subvención.

No capítulo desta norma sobre contías das axudas recóllense as normas de distribución e a regulación da axuda adicional por vulnerabilidade económica.

Artigo 8 COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

De conformidade co disposto no artigo trixésimo da RES 8/7/22 as subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública concedida para o mesmo

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

obxecto, sempre que non se supere o custo total da actividade subvencionada e sempre que a regulación das outras axudas xa sexan de ámbito nacional ou europeo o admitan, nos termos previstos no artigo 17 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

É de aplicación o disposto no artigo 9 do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que establece que a axuda concedida no marco do Mecanismo se sumará á proporcionada de acordo cos outros programas e instrumentos da Unión, precisando que as reformas e os proxectos de investimento poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo, evitando o dobre financiamento entre programas do Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como con outros instrumentos da Unión.

Artigo 9 PRAZO DE SOLICITUDE E XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS

O prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. No caso de que dentro do dito prazo se inclúa algún día do mes de agosto, o prazo será de catro (4) meses.

De conformidade co establecido nos artigos 30 e 31 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo concluirá o mesmo día no que tivo lugar a publicación da convocatoria no correspondente mes de vencemento, coas particularidades referidas nos artigos enumerados.

De acordo aos artigos 19 e 20 da RES 8/7/22, as actuacións para as que se solicite financiamento deste programa deberán estar finalizadas e xustificadas antes do día 30 de xuño de 2026.

Artigo 10 DEFINICIÓN E ALCANCE DAS SOLICITUDES

Na presente convocatoria, recóllese con detalle os modelos e a documentación preceptiva que as persoas interesadas deben presentar xunto coa solicitude. Con carácter xeral as solicitudes estrutúranse do seguinte xeito:

1. Modelo I: Solicitude xeral da axuda.

Ten un carácter xeral e único do edificio, no que se cumprimentarán os datos referidos ao inmovible e ás actuacións obxecto de subvención. Distínguese un modelo específico para o caso de comunidades de propietarios e outro para edificios unifamiliares.

Presentarase pola persoa que represente á comunidade de propietarios ou pola persoa que represente á propiedade da vivenda unifamiliar.

2. Modelo II: Solicitude individual de axuda.

Ten carácter individual e nel inclúense os datos persoais da persoa solicitante, a cota de titularidade sobre a vivenda e as autorizacións e declaracións responsables preceptivas.

Presentarase individualmente por todas aquelas persoas (propietarias, usufrutuarias, arrendatarias, etc) que desexen solicitar a subvención e ser persoas beneficiarias da mesma. Para poder ser beneficiaria da axuda é imprescindible a presentación deste modelo de solicitude individual.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

3. Modelo III: Solicitud individual de axuda adicional por vulnerabilidade económica.

Ten un carácter individual para aquelas persoas propietarias ou usufrutuarias que se atopen en situación de vulnerabilidade económica.

Presentarase individual e exclusivamente por aquelas persoas que desexen solicitar a axuda adicional por concorrer nelas as condicións definidas na presente convocatoria para acadar unha axuda superior ao suposto xeral.

Deberase presentar xunto co Modelo II de solicitud individual de axuda.

Os modelos, fichas e declaracións que as persoas interesadas deben presentar incorpóranse como anexos a esta convocatoria.

Artigo 11 PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

As solicitudes, documentación e xustificación relativa aos expedientes das axudas reguladas nesta convocatoria, presentaranse no rexistro xeral do Concello, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, de acordo cos procedementos establecidos nesta convocatoria e os modelos normalizados incorporados como documentos anexos, e nos prazos establecidos na convocatoria.

As persoas interesadas que, de conformidade co artigo 14.2 da Lei 39/2015 se atopen obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coa administración, deberán presentar a solicitud e toda canta documentación sexa necesaria na tramitación do procedemento por medios electrónicos. Se algunha das persoas ou entidades obrigadas a relacionarse por medios electrónicos coa administración presentase a súa solicitud de xeito presencial, de conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitud aquela en que fose realizada a emenda.

Artigo 12 ÓRGANOS MUNICIPAIS COMPETENTES

A Oficina municipal de Rehabilitación será a responsable da tramitación dos expedientes relativos ás solicitudes de axuda á rehabilitación que se regulan nesta convocatoria.

A Comisión Avaliadora estará composta por tres persoas funcionarias adscritas á antedita Oficina ou, no seu defecto, á Área de Urbanismo do Concello, actuando como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da Oficina municipal de Rehabilitación.

O órgano competente para acordar as resolucións relativas ás subvencións tramitadas de acordo coa presente convocatoria será a Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago. Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

Artigo 13 TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das persoas solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das axudas, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

actividades correspondentes e demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de inscrición e adquisición de prelación, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A Oficina de Rehabilitación e Vivenda do Concello de Santiago de Compostela será a responsable do seu tratamento, ante a cal se poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, dereito á limitación do tratamento e dereito á portabilidade, no seguinte enderezo:

Rúa Casas Reais, 8, 2º, 15704, Santiago de Compostela

ocihr@santiagodecompostela.gal

De conformidade co disposto polo artigo 14.1 ñ) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, infórmase aos interesados da existencia da Base nacional de datos das subvencións.

Capítulo 2 ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Artigo 14 SOBRE EFICIENCIA ENERXÉTICA DAS ACTUACIÓNS

De acordo ao artigo 19.1.a da RES 8/7/22, aplícanse os seguintes criterios no que á eficiencia das actuacións subvencionables refírese:

1. Os edificios protexidos oficialmente por ser parte dunha contorna declarada ou en razón do seu particular valor arquitectónico ou histórico, nos que estean limitadas as actuacións sobre os elementos que compoñen a envolvente térmica, non terán que cumprir coa redución de demanda establecida.
2. Non obstante, aqueles elementos da envolvente sobre os que se poida intervir deben cumprir cos valores límite de transmitancia térmica e de permeabilidade ao aire, cando proceda, establecidos na táboa 3.1.1.a – HE1 y 3.1.3.a – HE1, do documento básico DB HE de aforro de enerxía do Código técnico da edificación.
3. Nos edificios nos que se realizaran nos últimos catro anos intervencións de mellora da eficiencia enerxética nas que poida acreditarse que se reduciu a demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración nunha porcentaxe igual ou superior á establecida anteriormente, quedan eximidos do cumprimento do requisito de redución de demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración.
4. Cando nas ditas intervencións non se alcance unha redución igual ou superior á porcentaxe establecida poderá considerarse satisfeito o requisito, se coa consideración conxunta das actuacións realizadas nas citadas intervencións e as que se realicen na actuación obxecto da solicitude se alcanzara a correspondente porcentaxe de redución de demanda establecida, o que deberá acreditarse mediante a correspondente certificación de eficiencia enerxética.

Artigo 15 REQUISITOS DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

De acordo aos artigos décimo noveno e vixésimo da RES 8/7/22, as actuacións para as que se solicite financiamento deste programa deben cumprir, ademais dos requisitos básicos de

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

eficiencia enerxética establecidos no capítulo de disposicións xerais desta norma, os seguintes requisitos:

1. A execución material das actuacións non poderá estar iniciada en ningún caso con anterioridade ao 1 de febreiro de 2020.
2. No caso de actuacións que foran iniciadas con anterioridade a esta convocatoria, estas só poderán ser consideradas como actuacións subvencionables cando a Oficina de rehabilitación e vivenda poida obter constancia material da súa execución (inscrición no LIMIAR, solicitudes tramitadas en convocatorias anteriores, etc).
3. Dispoñer de proxecto das actuacións e ter solicitada a licenza urbanística ou, de ser o caso, ter presentado a comunicación previa correspondente, dentro do prazo establecido para a solicitude das axudas.
4. Para o caso de que as actuacións non esixan proxecto, será necesario xustificar, nunha memoria subscrita por técnico competente, a adecuación da actuación ao Código técnico da edificación e demais normativa de aplicación.

Artigo 16 CRITERIOS DE PRELACION DAS ACTUACIONES

Establécese como criterio xeral de prioridade, a efectos de configurar a orde de prelación das solicitudes de concesión de axudas, a maior porcentaxe de redución de consumo de enerxía primaria non renovable obtida, referida á certificación enerxética.

A igualdade de porcentaxe de redución de consumo de enerxía primaria, terá prioridade as que obteñan maior redución da demanda enerxética anual global de calefacción e refrixeración, e de manterse a igualdade, atenderase á data de presentación no Concello da correspondente solicitude de licenza ou comunicación previa de obras, tendo preferencia as máis antigas sobre as máis recentes.

Artigo 17 REQUISITOS DA DOCUMENTACION TÉCNICA

De acordo ao artigo vixésimo da RES 8/07/22, a documentación técnica correspondente ás actuacións debe adecuarse aos seguintes requisitos:

1. Tanto no caso de proxecto técnico como de memoria de adecuación da actuación á normativa de aplicación, debe incluírse o Libro do edificio existente para a rehabilitación ou, no seu defecto, un estudo sobre o potencial de mellora do edificio ou vivenda en relación cos requisitos básicos definidos na Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, e un plan de actuacións no que se identifique a actuación e mellora proposta.
2. O proxecto incluírá un estudo de xestión de residuos de construción e demolición que se desenvolverá posteriormente no correspondente plan de xestión de residuos de construción e demolición, conforme o establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, onde se cumprirán as seguintes condicións:
 - a) Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 na Lista europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532/EC) xerados no sitio de construción preparárase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

- b) Os operadores deberán limitar a xeración de residuos nos procesos relacionados coa construción e demolición, de conformidade co Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE e tendo en conta as mellores técnicas dispoñibles e utilizando a demolición selectiva para permitir a eliminación e manipulación segura de sustancias perigosas e facilitar a reutilización e reciclaxe de alta calidade mediante a eliminación selectiva de materiais, utilizando os sistemas de clasificación dispoñibles para residuos de construción e demolición. Así mesmo, establecerase que a demolición se leve a cabo preferiblemente de forma selectiva e a clasificación realizarase de forma preferente no lugar de xeración dos residuos.
3. Os deseños dos edificios e as técnicas de construción apoiarán a circularidade e, en particular, demostrarán, con referencia á ISO 20887 ou outras normas para avaliar a capacidade de desmontaxe ou adaptabilidade dos edificios, como están deseñados para ser máis eficientes no uso de recursos, adaptables, flexibles e desmontables para permitir a reutilización e reciclaxe.
4. Deberá preverse a retirada do edificio ou do ámbito obxecto de actuación aqueles produtos de construción que conteñan amianto. A retirada deberá realizarse conforme o establecido no Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, por unha empresa legalmente autorizada. A xestión dos residuos orixinados no proceso deberá realizarse conforme o establecido no Real decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Artigo 18 ORZAMENTO SUBVENCIONABLE DAS ACTUACIÓNS

De acordo ao artigo décimo noveno da RES 8/7/22, o orzamento subvencionable poderá incluír os seguintes conceptos:

1. O custo efectivo das actuacións subvencionables recollido no documento técnico presentado para a súa autorización municipal, ou o da mellor oferta presentada no caso de ser inferior.
2. Os gastos necesarios para o desenvolvemento do conxunto de actuacións anteriores, incluíndo os da xestión inherente ao desenvolvemento das actuacións e os gastos asociados, os de honorarios dos profesionais que interveñen, os de redacción dos proxectos e dirección de obra, certificados e informes técnicos, os derivados da tramitación administrativa, actuacións de realoxo temporal de ocupantes, acompañamento social e outras similares, vinculadas ás actuacións de desenvolvemento do ERFP.

Non se consideran custos subvencionables os correspondentes a licenzas, taxas, impostos ou tributos. Non obstante, o IVE poderá ser considerado elixible sempre e cando non poida ser susceptible de recuperación ou compensación total ou parcial.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

Capítulo 3 CONTÍA DAS AXUDAS

Artigo 19 DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas ou entidades beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumido por cada unha.

No caso de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, tanto o importe da subvención como o custo das obras, debe repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, se é o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Artigo 20 AXUDA ADICIONAL POR VULNERABILIDADE ECONÓMICA

De conformidade co disposto no artigo vixésimo cuarto da RES 8/7/2215 (e Corrección de erros de 6 de febreiro de 2023), cando se identifiquen situacións de vulnerabilidade económica nalguna das persoas físicas propietarias ou usufrutuarias das vivendas obxecto de subvención, e de acordo cos criterios establecidos na comisión bilateral de seguimento, poderán incrementarse os límites establecidos ata os recollidos nas seguintes táboas en función da relación dos ingresos ponderados da unidade familiar ou de convivencia co Indicador público de renda de efectos múltiples definido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, considerado unidade de medida para a determinación da contía dos ingresos familiares, no seu cómputo anual, incluíndo dúas pagas extras (en adiante IPREM):

INGRESOS PONDERADOS $\leq 2,1$ VECES O IPREM

Aforro enerxético conseguido coa actuación	Porcentaxe máxima da axuda sobre o custo da actuación	Contía máxima da axuda por vivenda
EDIFICIO RESIDENCIAL COLECTIVO		
$30\% \leq \Delta C_{ep,nren} < 45\%$	100%	20.250,00 €
$45\% \leq \Delta C_{ep,nren} < 60\%$	100%	22.308,00 €
$\Delta C_{ep,nren} \geq 60\%$	100%	26.750,00 €
EDIFICIO VIVENDA UNIFAMILIAR		
$30\% \leq \Delta C_{ep,nren} < 45\%$	100%	22.550,00 €
$45\% \leq \Delta C_{ep,nren} < 60\%$	100%	24.538,80 €
$\Delta C_{ep,nren} \geq 60\%$	100%	29.425,00 €

INGRESOS PONDERADOS $\leq 2,6$ VECES O IPREM

Aforro enerxético conseguido coa actuación	Porcentaxe máxima da axuda sobre o custo da actuación	Contía máxima da axuda por vivenda
EDIFICIO RESIDENCIAL COLECTIVO		
$30\% \leq \Delta C_{ep,nren} < 45\%$	60%	12.150,00 €
$45\% \leq \Delta C_{ep,nren} < 60\%$	75%	16.731,00 €
$\Delta C_{ep,nren} \geq 60\%$	90%	24.075,00 €

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

EDIFICIO VIVENDA UNIFAMILIAR

$30\% \leq \Delta Cep, nren < 45\%$	60%	13.530,00 €
$45\% \leq \Delta Cep, nren < 60\%$	75%	18.404,10 €
$\Delta Cep, nren \geq 60\%$	90%	26.482,50 €

Artigo 21 CÁLCULO DE INGRESOS

Para a determinación dos ingresos netos partírase das contías da base imponible xeral e do aforro, reguladas nos artigos 48 e 49 respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, correspondente aos datos fiscais máis recentes dispoñibles no momento da solicitude da axuda correspondente. Excepcionalmente, ante a non disposición de datos fiscais recentes, poderanse solicitar outras informacións, incluíndo unha declaración responsable dos ingresos, a efectos de determinar os ingresos reais do solicitante ou da unidade de convivencia.

Aos efectos do cálculo dos ingresos terase en conta a suma dos ingresos netos anuais de cada un dos membros da unidade familiar ou de convivencia durante o exercicio inmediatamente anterior á data de publicación desta convocatoria.

No suposto de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das recollidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, os ingresos de cada unidade familiar, convertidos en número de veces o IPREM e ponderados de acordo co previsto nos puntos anteriores, sumaranse e o resultado deberá ser inferior aos límites máximos previstos nos cadros.

De conformidade co disposto no artigo vixésimo cuarto da RES 8/07/2215, os ingresos establecidos para a axuda adicional por vulnerabilidade económica ponderaranse de acordo coa composición da unidade familiar, en función do indicador público de renda de efectos múltiples IPREM (14 pagas) multiplicado polo coeficiente multiplicativo corrector que corresponda ao número de membros da unidade familiar, segundo esta táboa e os criterios de aplicación seguintes.

Número de membros da familia ou unidade de convivencia	Coeficiente corrector
1 membro	1
2 membros	0,9
3 membros	0,8
4 membros	0,75
5 membros ou mais	0,7

1. Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese conforme co previsto na táboa anterior.
2. No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nacidos contarán como membros da unidade familiar, para os efectos da aplicación do coeficiente

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

multiplicativo corrector previsto na táboa anterior, sempre que na aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio.

O embarazo acreditarase de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

3. Igual tratamento terá a acreditación de adopción en trámite.

Artigo 22 UNIDADES FAMILIARES OU DE CONVIVENCIA

De conformidade co disposto no artigo vixésimo cuarto da RES 8/7/2215, enténdese como unidade familiar ou de convivencia, o conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda no momento da convocatoria e de xeito habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas.

Persoas con discapacidade interpretarase de conformidade co Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Capítulo 4 PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 23 PERSOAS BENEFICIARIAS DESTINATARIAS ÚLTIMAS DAS AXUDAS

De conformidade cos artigos 13 do PRTR e 21 da RES 8/7/22, poderán ser persoas destinatarias últimas destas axudas as que asuman a responsabilidade da execución integral da área delimitada pola actuación. Cando a execución da actuación corresponda a varios beneficiarios, a axuda distribuirase en proporción ao custo e a responsabilidade asumido por cada un.

As persoas destinatarias últimas das axudas ou, de ser o caso, o axente ou xestor da rehabilitación que actúe por conta deles, destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate de comunidades de persoas propietarias ou agrupacións de comunidades de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que, tanto o seu importe, como o custo das obras, deba repercutirse nas persoas propietarias das vivendas e, se é o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non poderán obter a condición de beneficiarias destas axudas aquelas persoas ou entidades que estean incursoas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, agás a da letra e) dos citados artigos, se ben non poderá procederse ao pagamento da axuda en tanto non se acredite estar ao día no cumprimento das ditas obrigas.

De conformidade co Real Decreto-lei 5/2023, de 28 de xuño polo que se engade o apartado 3 bis no artigo 13 da LXS, aos efectos de establecer os requisitos para obter a condición de beneficiarios/as de subvencións, e para subvencións por importe superior aos 30.000 €, as persoas físicas e xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro suxeitas á Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán acreditar o cumprimento dos prazos de pago

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

que se establecen na citada Lei para obter a condición de beneficiario/a ou entidade colaboradora.

Artigo 24 OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS

De acordo ao artigo 21 e 28 da RES 8/07/22, ademais das recollidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Comunicar mediante certificado da dirección facultativa no caso de obras maiores ou por simple comunicación no caso de obras menores, o inicio da obra correspondente.

Previamente ao seu inicio deberá disporse de licenza municipal ou, se é o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispoñer de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

- b) Adoptar as medidas de difusión co fin de darlle a axeitada publicidade do carácter público da financiación da actuación obxecto de subvención. Así, deberase expoñer na localización das obras correspondentes, de forma visible dende o espazo público e con custe a cargo das persoas beneficiarias, un letreiro ou bandeira exterior segundo o modelo facilitado polo órgano instructor no que figuren os importes das subvencións achegadas.

De conformidade co artigo 34.2 do Regulamento 2021/241, os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe deste financiamento e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando cumpra, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique “financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

- c) Destinar o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións.
- d) Realizar a totalidade das actuacións para as que se concedeu a axuda de conformidade coa licenza de obras e coa resolución aprobación da subvención.
- e) Comunicar de inmediato ao concello, incluso durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda das persoas propietarias de vivendas e locais e ademais, en particular:
- Execución de actuacións diferentes das recollidas no orzamento subvencionable autorizado polo Concello.
 - Variación dalgún dos axentes responsables da execución das obras: dirección facultativa, empresa construtora, etc.
- f) Permitirle ao Concello e/ou o IGVS a realización das inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida e as que se deriven da normativa aplicable á xestión de axudas financiadas cos fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, «Regulamento do MRR», e demais disposicións que articulen o MRR e o Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR).

- g) Adoptar as medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir a fraude e a corrupción, previr o conflito de interese e o dobre financiamento, a través do plan antifraude propio do concello, especialmente no referido á canle de denuncias de irregularidades ou condutas de fraude.
- h) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social de conformidade co artigo 13 da LXS.
- i) Xustificar dentro do prazo establecido a correcta execución das actuacións obxecto de subvención.
- j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un período de cinco anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta deste pagamento, da operación, incluídos os documentos electrónicos en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. O citado período será de tres anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.
- k) Subministrar ao Concello de Santiago, previo requirimento, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.
- l) Cumprir cos requisitos que figuran no Manual de imaxe do programa que estará dispoñible na web do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (<http://www.mitma.es>), así como o establecido en medidas de publicidade no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia, en toda referencia en calquera medio de difusión á actuación obxecto das axudas.
- m) Cumprir na execución das actuacións subvencionables coa normativa ambiental comunitaria, nacional e autonómica e, en particular, co principio de non causar un prexuízo significativo ao ambiente (DNSH polas súas siglas en inglés), respecto dos seis obxectivos ambientais definidos no Regulamento (UE) nº 2020/852 (mitigación do cambio climático; adaptación ao cambio climático; uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños; economía circular, incluídos a prevención e a reciclaxe de residuos; prevención e control da contaminación á atmosfera, á auga ou ao solo, e protección e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas).
- n) Someterse ás actuacións de comprobación e control que deba efectuar o órgano concedente ou a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a Intervención Xeral da Administración Xeral do Estado, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas, así como ás medidas de control e auditoría recollidas no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o mecanismo de recuperación e resiliencia e o Regulamento (UE, Euratom) nº 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión. En particular, deberán autorizar á Comisión Europea, á Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF), ao Tribunal de

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

Contas Europeo, e cando proceda, á Fiscalía Europea a exercitar os dereitos que recoñece o artigo 129, punto 1, do referido regulamento financeiro.

- o) Destinar os bens ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, nos termos do artigo 29.4 da Lei 9/9007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. O incumprimento da obriga de destino, que se producirá en todo caso co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro.

No caso de bens inscribibles nun rexistro público, deberá facerse constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida, debendo ser obxecto estes extremos de inscrición no rexistro público correspondente.

- p) No caso de persoas beneficiarias que desenvolvan actividades económicas, deberá acreditarse a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- q) As demais obrigas que derivan desta resolución, do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro; da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro, así como a normativa da Unión Europea aplicable para a certificación dos fondos europeos.

Artigo 25 AXENTE OU XESTOR DA REHABILITACIÓN

De conformidade co artigo 22 da RES 8/7/22 as persoas ou entidades beneficiarias das axudas poderán facultar e autorizar, mediante o correspondente acordo, que un axente ou xestor da rehabilitación actúe por conta daquelas.

O axente ou xestor da rehabilitación é aquela persoa física ou xurídica, xa sexa pública ou privada, que poida realizar actuacións de impulso, seguimento, xestión e percepción de axudas públicas, mediante mecanismos de cesión do dereito de cobramento ou similares, acceso ao financiamento, elaboración de documentación ou proxectos técnicos ou outras actuacións necesarias para o desenvolvemento das actuacións subvencionables ao abeiro do artigo 8 do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.

A participación do axente ou xestor da rehabilitación non exime á persoa beneficiaria de cumprir as obrigas que lle incumben, sen prexuízo da responsabilidade que, ademais, poida exixirse ao dito axente ou xestor.

Ao tenor do artigo 8.3 do PRTR, a actuación destes axentes e xestores esixirá que acheguen un documento que acredite o acordo coa propiedade, comunidade de propietarios ou agrupación de comunidades de propietarios, que lles faculte e autorice a actuar como tales.

Capítulo 5 DOCUMENTACIÓN PRECEPTIVA

Artigo 26 SOLICITUDE XERAL DE AXUDA

A solicitude de axudas para as actuacións no edificio formalizarase mediante a presentación do Modelo I de solicitude xeral de axuda anexo a esta convocatoria, segundo se trate de comunidades de propietarios ou vivendas unifamiliares, debidamente cuberto e xunto coa documentación que se relaciona no artigo seguinte, que incluírá inescusablemente a seguinte información:

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

1. Datos de identificación da persoa ou entidade que solicita, ou, de ser o caso, da persoa que a represente.
2. En edificios en réxime de propiedade horizontal actuará como representante a persoa que ostente a presidencia da comunidade de propietarios ou, con autorización, a persoa que a represente.
3. Incluíndo unha relación de actas ou certificados das xuntas da comunidade, coas datas dos acordos de: nomeamento do presidente/a, execución das obras, solicitude das axudas, e de ser o caso, nomeamento da persoa que a represente na solicitude.
4. Datos identificativos do edificio obxecto das actuacións, indicando:
 - a) Enderezo.
 - b) Referencia catastral.
 - c) Área de rehabilitación integral.
 - d) Data da solicitude de licenza e número do expediente.
 - e) De ser o caso, data de inicio das obras.
5. Datos aos efectos de notificación.
6. As notificacións de resolucións e actos administrativos, no caso de comunidades de propietarios ou entidades obrigadas nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, practícaranse só por medios electrónicos.
7. Datos das actuacións obxecto de solicitude, clasificadas segundo o tipo de actuación, e sinalando os custes da execución das obras, dos honorarios técnicos e dos honorarios pola tramitación administrativa.
8. Relación da estrutura e completa da propiedade do inmovible, identificando cada unha das vivendas ou locais que compoñen o edificio, e ás persoas propietarias, indicando en cada caso:
 - a) Referencia catastral.
 - b) Andar e letra.
 - c) Uso.
 - d) Superficie construída.
 - e) Cota de participación no custo efectivo das actuacións.
 - f) Persoa ou persoas propietarias, indicando:
 - . Nome e apelidos.
 - . NIF.

Será responsabilidade da persoa que asina e presenta a solicitude, que a relación de propiedades e titulares estea completa e veña acompañada da documentación que se relaciona no artigo seguinte.

No caso de que algunha persoa titular dunha vivenda ou local do edificio non achegue o Anexo I, deberase identificar as causas de dito feito.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

9. As comunidades de propietarios deberán incluír unha relación de actas ou certificados das xuntas da comunidade, coas datas dos acordos de:
- a) Nomeamento do presidente
 - b) Execución das obras e solicitude das axudas
 - c) De ser o caso, nomeamento da persoa que a represente na solicitude.

Artigo 27 DOCUMENTACIÓN ANEXA AO MODELO I DE SOLICITUDE XERAL DE AXUDA

Xunto co Modelo I de solicitude xeral da axuda presentarase a seguinte documentación:

1. Copia do orixinal do documento de identificación da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
2. Copia do orixinal do documento de identificación fiscal da comunidade de propietarios e da persoa que presida ou represente á comunidade, no caso de que a promotora das actuacións sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal.
3. Copia do orixinal do documento xustificativo do nomeamento do presidente da comunidade, no caso de que a promotora das actuacións sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal.
4. Copia do orixinal do documento de identificación fiscal do presidente da comunidade, no caso de que a promotora das actuacións sexa unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, de 21 de xullo, de propiedade horizontal.
5. Copia do orixinal da Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións.
6. Copia do orixinal da Acta ou certificado da xunta de propietarios onde se aprobe a solicitude da subvención.
7. Orzamento nun formato editable de folla de cálculo.

O orzamento de execución material das obras previstas poderá recoller unha intervención maior da comprendida polas actuacións obxecto de subvención, pero en ningún caso se considerarán obras subvencionables aquelas que non estean recollidas na correspondente autorización municipal.

8. Copia en formato PDF da oferta económica da empresa construtora seleccionada para executar as actuacións, asinada e con datos completos de: data, oferente e identificativos do obxecto.

Neste orzamento deberán ser perfectamente identificables as partidas incluídas no orzamento obxecto de solicitude de axudas do apartado anterior, coincidindo exactamente na súa descrición e medición co mesmo.

O orzamento deberá vir desagregado por partidas con prezos descompostos e nun formato editable de folla de calculo

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

9. De acordo coa lexislación de contratos e de subvencións vixente, cando o importe do orzamento das obras previstas exceda da cantidade de 40.000 € (IVE excluído), deberán achegarse polo menos tres orzamentos debidamente asinados, de data anterior ao momento da contratación correspondente, debendo existir unha xustificación razoada no caso de non optarse pola oferta económica máis vantaxosa.
10. Oferta económica dos honorarios técnicos correspondentes á elaboración da documentación técnica, á dirección de obra, á dirección de execución de obra e á coordinación de seguridade e saúde, e de ser o caso, oferta económica dos honorarios de xestión administrativa e documental das tramitacións correspondentes.
11. De acordo coa lexislación de contratos e de subvencións vixente, cando o importe do orzamento destes servizos exceda da cantidade de 15.000 € (IVE excluído), deberán achegarse polo menos tres orzamentos debidamente asinados, de data anterior ao momento da contratación correspondente, debendo existir unha xustificación razoada no caso de non optarse pola oferta económica máis vantaxosa.
12. Xustificación dos obxectivos enerxéticos das actuacións, segundo a comparación do estado previo e o previsto tras a rehabilitación, dos seguintes indicadores:
 - Consumo de enerxía primaria total (Cep,tot), expresado en kWh/m².ano [NOTA: Para o nivel máximo das axudas]
 - Consumo de enerxía primaria non renovable (Cep,nren), expresado en kWh/m².ano
 - Demanda enerxética conxunta de calefacción e refrixeración, expresado en kWh/m².ano
 - Emisións totais de CO₂, expresado en Kg.CO₂/m².ano [NOTA: Só estatístico ou de obxectivos do plan]
 - Porcentaxe da contribución mínima de enerxía renovable para cubrir a demanda de auga quente sanitaria [NOTA: Para o nivel máximo das axudas]

Xunto co número e data da inscrición do certificado de eficiencia enerxética no Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios de Galicia (RGEEE); achegarase copia asinada do certificado de eficiencia enerxética (RD 390/2021) e os arquivos empregados segundo a aplicación informática recoñecida.
13. Ficha I de estrutura da propiedade
14. Ficha II de actuacións subvencionables.
15. Ficha III de vivendas ou locais.
16. Declaración I de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o obxecto de xestión, e de ausencia de conflito de intereses en relación coa execución e actuacións do PRTR
17. Declaración II responsable do cumprimento do principio “DNSH”, ou avaliación favorable de adecuación do cumprimento do principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente».
18. Declaración III de cesión e tratamento de datos persoais.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

No caso de atoparse realizada a inscrición na LIMIAR, só deberá presentarse aquela documentación que non obre xa en poder desta administración, debéndose unicamente, se é o caso, actualizala naqueles aspectos que o precise.

Independentemente da documentación relacionada, no transcurso da tramitación da concesión das axudas, o Concello poderá requirir a información e documentación das persoas beneficiarias que precise para aclarar calquera dos aspectos recollidos na presente convocatoria, a presentación de orixinais, ou outros documentos que se considere necesarios e imprescindibles para ditar resolución.

Artigo 28 SOLICITUDE INDIVIDUAL DE AXUDA

A solicitude da axudas das persoas beneficiarias propietarias de inmobles deberán presentar debidamente cuberto, o Modelo II de solicitude individual de axuda, achegando un impreso por cada persoa beneficiaria, e na que se inclúa a seguinte información:

- Datos identificativos da propiedade coa súa referencia catastral, cota de participación, andar, letra, uso e superficie.
- Datos identificativos da persoa propietaria, facendo constar: nome e apelidos, NIF e porcentaxe de titularidade.
- Declaración de:
 - a) Se é a súa residencia habitual.
 - b) Se é maior de idade ou ten algunha discapacidade recoñecida.
 - c) Se solicita a axuda.
 - d) Se solicita a axuda incrementada (nese caso deberá achegar tamén o Modelo III de solicitude).
 - e) Se autoriza á persoa que solicita a axuda xeral do edificio ou á persoa que a representa para que solicite no seu nome as axudas.
 - f) Se autoriza á consulta de estar ao corrente de pagos coas seguintes administracións: Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela.
- Declaración responsable de:
 - a) Non atoparse incurso en ningunha prohibición para a obtención da condición de persoa beneficiaria das sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - b) Non ser preceptora de axudas estatais á rehabilitación no marco do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

- c) Compromiso de destinar a vivenda obxecto deste expediente a residencia habitual propia ou en réxime de alugueiro durante 5 anos.
- d) Non ter débedas coas seguintes administracións: Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela”
- e) Da existencia doutras axudas que teña solicitada ou concedida para a mesma actuación.

No caso de atoparse realizada a inscrición na LIMAR, só deberá presentarse aquela documentación que non obre xa en poder desta administración, debéndose unicamente, se é o caso, actualizala naqueles aspectos que o precise.

Independentemente da documentación relacionada, no transcurso da tramitación da concesión das axudas, o Concello poderá requirir a información e documentación das persoas beneficiarias que precise para aclarar calquera dos aspectos recollidos na presente convocatoria, a presentación de orixinais, ou outros documentos que se considere necesarios e imprescindibles para ditar resolución.

Artigo 29 DOCUMENTACIÓN ANEXA AO MODELO II DE SOLICITUDE INDIVIDUAL DE AXUDA

Xunto co Modelo II de solicitude individual de axuda presentarase a seguinte documentación:

1. Copia do orixinal do documento de identificación da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.
2. Certificado ou nota simple do Rexistro da Propiedade de cada unha das propiedades incluídas na relación de vivendas e locais do inmovible actualizada á realidade da propiedade no momento da solicitude, e en ningún caso cunha antigüidade superior aos 6 meses anteriores á convocatoria.

Excepcionalmente, no suposto de que nos 6 meses anteriores á convocatoria, a titularidade dalgunhas das propiedades foxe obxecto de alteración, poderase achegar para acreditar a titularidade e a participación, outra documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición, alteración ou modificación da titularidade do inmovible.

3. De tratarse dun inmovible de titularidade en réxime de gananciais, se os dous cónxuxes desexan solicitar a axuda, deberase especificar a porcentaxe de titularidade atribuída a cada membro. Pola contra, se só un dos cónxuxes desexa solicitar a totalidade da axuda e na certificación do rexistro da propiedade a sociedade de gananciais ten atribuído o 100% do pleno dominio, núa propiedade ou outro dereito sobre o inmovible susceptible de subvención, entenderase que o cónxuxe a solicita pola totalidade da cota de participación atribuída á sociedade de gananciais, salvo que se indique o contrario.
4. Declaración I de compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puidesen afectar o obxecto de xestión, e de ausencia de conflito de intereses en relación coa execución e actuacións do PRTR.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

5. Declaración III de cesión e tratamento de datos persoais de cada unha das persoas solicitantes da axuda.

Artigo 30 SOLICITUDE INDIVIDUAL DE AXUDA ADICIONAL POR VULNERABILIDADE ECONÓMICA

As persoas beneficiarias propietarias de vivendas, que atendendo aos ingresos totais ponderados da unidade de convivencia e tal e como se definiu nos artigos anteriores, soliciten axudas con limites superiores ao xeral, formalizarán a súa solicitude mediante a presentación do Modelo III de solicitude individual de axuda adicional por vulnerabilidade económica, anexo a esta convocatoria, que incluírá a seguinte información:

- Identificación da persoa beneficiaria, ou, de ser o caso, mediante autorización, da persoa que a represente.
- Referencia catastral da vivenda ou local da súa propiedade.
- Identificación das persoas que compoñen a unidade familiar ou de convivencia e de aquelas con algunha discapacidade recoñecida ou maiores de 65 anos que sexan residentes na vivenda, indicando: nome e apelidos, NIF, idade e parentesco.
- Suma detallada dos ingresos da totalidade dos membros da unidade familiar ou de convivencia da persoa beneficiaria residente na vivenda obxecto de rehabilitación.

Artigo 31 DOCUMENTACIÓN ANEXA AO MODELO III DE SOLICITUDE INDIVIDUAL DE AXUDA ADICIONAL POR VULNERABILIDADE ECONÓMICA

Xunto co Modelo III de solicitude individual de axuda adicional por vulnerabilidade económica aportarase a seguinte documentación:

1. Copia do orixinal do documento identificador da persoa ou persoas beneficiarias.
2. Certificado municipal de convivencia que acredite os datos que constan no Padrón Municipal de Habitantes identificando aos membros da unidade familiar ou de convivencia.
3. Copia do orixinal do documento acreditativo da discapacidade declarada.
4. No caso de mulleres xestantes, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos e non nados, acreditarase de acordo co disposto na Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, e na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
5. No seu caso, certificado acreditativo de adopción en trámite.
6. Copia do orixinal da declaración conxunta ou declaracións individuais de todos os membros da unidade de convivencia do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente ao período impositivo inmediatamente anterior ao momento da solicitude de subvención, unha vez vencido o prazo para presentar a declaración do dito imposto.
7. Se non se fixo a declaración da renda, deberá presentarse certificación da administración de Facenda na que figuren as rendas percibidas no período impositivo indicado no parágrafo anterior e, de ser o caso, fotocopia compulsada do libro de familia.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

8. Cando non se poidan acreditar os ingresos mediante os documentos referidos nos apartados anteriores, deberá presentarse unha declaración responsable da contía dos ingresos percibidos e da súa procedencia.

Independentemente da documentación relacionada, no transcurso da tramitación da concesión das axudas, o Concello poderá requirir as persoas beneficiarias a información e documentación persoal que precise para aclarar calquera dos aspectos recollidos na presente convocatoria, a presentación de orixinais, ou outros documentos que se considere necesarios e imprescindibles para ditar resolución.

Artigo 32 XUSTIFICACIÓN DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS

A persoa que asine o Modelo I de solicitude xeral, ou, de ser o caso, o seu representante, deberá presentar o Modelo IV de xustificación da subvención, no prazo máximo de un (1) mes dende a finalización das actuación e, en todo caso, antes do 30 de xuño de 2026.

As actuacións deberán ser executadas dentro dos prazos e coas esixencias establecidas na resolución de concesión, no RD 853/2021, na RES 8/07/2022 e na presente convocatoria.

Artigo 33 DOCUMENTACIÓN ANEXA AO MODELO IV DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

Xunto co Modelo IV de xustificación da subvención achegárase a seguinte documentación:

1. Certificado final de obra elaborada polo técnico responsable da dirección facultativa cando o tipo de obra o esixa ou, no seu caso, comunicación do responsable das obras, que incluíra o orzamento das actuacións subvencionables realmente executadas, de acordo co formato disposto nesta convocatoria.
2. Boletíns de alta das instalacións afectadas pola actuación que así o requiran ou, no seu defecto, certificado que xustifique a súa non necesidade.
3. Conta xustificativa das facturas emitidas pola empresa contratada para o efecto e demais prestatarios de servizos cuxo custo foi obxecto de subvención, coa sinatura do técnico competente se a natureza dos traballos así o esixise, así como os seus correspondentes xustificantes de pagamento:
 - Os pagos deberán acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pago, nos que queden claramente identificados o receptor e o emisor do pago. Non se admitirán os pagos nin os ingresos en efectivo.
 - O pago mediante transferencia bancaria xustificárase mediante copia do seu resguardo de cargo, no que deberá figurar o concepto da transferencia, número de factura ou, en defecto deste, o concepto aboadado.
 - En todos os xustificantes de pago que achegue a persoa beneficiaria debe figurar como emisor del; no caso de non aparecer achegará acreditación da entidade bancaria que conteña información sobre o emisor do pago, destinatario, data e importe.
 - As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador e forma de pago e restantes requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

de facturación. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

4. Cando non sexa propietario único, repercusión efectiva a cada unha das persoas beneficiarias das axudas dos custos e pagos xustificadas de acordo ao punto anterior.
5. Certificado de eficiencia enerxética (RD 390/2021) do estado final trala intervención, realizado co mesmo programa recoñecido de certificación que o empregado para o estado certificado previo, debidamente inscrito no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia (RGEEE), xunto cos arquivos empregados.
6. Reportaxe fotográfica onde se mostre a exposición do letreiro publicitario nas condicións referidas no artigo 24 desta convocatoria.

Capítulo 6 TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

Artigo 34 PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

A. Iniciación.

O procedemento para a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva iníciase de oficio, mediante convocatoria aprobada polo órgano competente. A convocatoria publicarase na BDNS e un extracto da mesma, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

B. Instrución.

Unha vez finalizado o prazo establecido para a presentación de solicitudes, o órgano instrutor revisará aquelas presentadas no tempo e na forma xunto coa documentación preceptiva, realizando as comprobacións, inspeccións e informes técnicos pertinentes e emitindo requirimentos que se consideren necesarios para completar a información e a documentación ou aclarar calquera aspecto. En especial, realizarase a análise de risco de existencia de conflito de intereses nos termos establecidos na Orde HFP/55/2023.

O órgano instrutor poderá requirir á persoa ou a entidade solicitante para que presente cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento e solicitará os informes pertinentes para comprobar que as solicitudes presentadas cumpran os requisitos exixidos polas bases reguladoras, por esta convocatoria e pola demais normativa de aplicación.

Nesta fase de instrución, atenderase ao disposto nos artigos 24 da LXS e o 21 da LSG e procederase do seguinte xeito:

- As solicitudes que non contén coa información completa e a documentación preceptiva serán requiridos para que emenden os defectos consonte o artigo 68.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No suposto de que as persoas interesadas non emenden os defectos sinalados no requirimento, serán desistidas da súa petición de participación na convocatoria, previa resolución na que se declare tal circunstancia.
- Unha vez avaliadas as solicitudes, a Comisión Avaliadora deberá emitir ditame no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Adscribirá, de acordo coa orde de prelación

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

establecida, as axudas correspondentes ás solicitudes que cumplan os requisitos, ata esgotar o financiamento.

C. Proposta de resolución e resolución de concesión.

1. O órgano instructor, á vista dos expedientes e do ditame da Comisión avaliadora formulará informe-proposta que deberá notificarse ás persoas interesadas, concedendo un prazo de 10 días hábiles para a formulación de alegacións.

Con carácter previo á resolución definitiva, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación acreditativa de estar ao corrente das súas débedas tributarias e coa Seguridade social, de conformidade co artigo 13 da LXS. Deste xeito, requiriráselle para que, nun prazo de 10 días hábiles, acheguen as certificacións de estar ao corrente coas seguintes administracións:

- Axencia Estatal de Administración Tributaria
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia
 - Tesouraría Xeral da Seguridade Social (salvo autorización para a súa consulta)
 - Concello de Santiago de Compostela (salvo autorización para a súa consulta).
2. Examinada a documentación presentada e, no seu caso, as alegacións, formularase a proposta de resolución definitiva, que deberá expresar a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención e a contía, especificando a súa avaliación. Así mesmo, tamén constará a desestimación das solicitudes e as desistencias por non atender aos requirimentos efectuados.
 3. A Xunta de Goberno Local, como órgano competente para a concesión das subvencións, ditará resolución de concesión. O acordo conterá a relación de solicitantes aos que se lle concede a subvención e farase constar a desestimación do resto de solicitudes así como as desistencias.
 4. O órgano instructor notificará ás persoas beneficiarias as solicitudes concedidas, que terán un prazo de dez (10) días hábiles para aceptar a axuda.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución deste procedemento é de seis (6) meses a partir da publicación da correspondente convocatoria. O vencemento deste prazo máximo sen terse notificado a correspondente resolución, llexítima ás persoas interesadas para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

A resolución do procedemento notificarase ás persoas interesadas conforme co previsto no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Así mesmo, de conformidade co previsto nos artigos 17.3b) e 20.8 a) da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións (BDNS) a información requirida por esta.

Contra a resolución de concesión ou denegación de subvención as persoas interesadas poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o órgano que ditou a resolución no prazo dun mes, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

Artigo 35 TRAMITACION DA XUSTIFICACION DAS AXUDAS

A. Presentación da xustificación da subvención.

Os solicitantes da subvención deberán comunicar a finalización das obras e presentar a documentación xustificativa das actuacións realizadas.

Consonte o artigo 70.3 do RD 887/2006, do 21 de xullo, transcorrido o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado a mesma perante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que, no prazo improrrogable de quince días, sexa presentada a xustificación da subvención.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 38/2003, xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá á entidade beneficiaria das sancións que, conforme á antedita Lei, correspondan.

B. Instrución.

1. Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos previstos na normativa reguladora para a xustificación das actuacións, o órgano instructor realizará as comprobacións, inspeccións e informes técnicos pertinentes, emitindo os requirimentos que se consideren necesarios para completar a información e documentación ou aclarar calquera aspecto delas.
2. Determinarase a contía definitiva da axuda das solicitudes que cumpran coas condicións establecidas.

De acordo ao punto 5 do artigo vixésimo sexto da RES 8/7/22, cando o orzamento xustificado das actuacións completadas teña unha contía inferior ao que serviu de base para a resolución de concesión e sempre e cando se acredite que están rematadas e manteñen a súa coherencia cos obxectivos e requisitos establecidos, minorarase o importe da subvención aprobada inicialmente.

De igual modo, minorarase a subvención estimada ou concedida no caso de non cumprir coa redución do consumo de enerxía primaria non renovable previsto inicialmente e sempre que se garanta o mínimo establecido de polo menos un 30%, xa que de non ser o caso, perderíase o dereito á cobranza da subvención.

En ningún caso o orzamento total xustificado poderá superar o orzamento obxecto de aprobación da subvención. Aqueles excesos declarados non serán tidos en conta pola administración.

C. Aprobación da xustificación.

A Xunta de Goberno Local resolverá, previa fiscalización pola Intervención, sobre a aprobación da xustificación das actuacións e o recoñecemento da obriga a favor das persoas ou entidades beneficiarias.

Se as certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e a Seguridade social non se atopan viventes no momento previo ao recoñecemento da obriga ou ao pagamento da subvencións, deberanse aportar de novo nesta fase do procedemento.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

De ser o caso, resolverase sobre as posibles denegacións por incumprimento dos requisitos esixidos na xustificación das actuacións, producíndose a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS. Así mesmo, resolverase sobre a desistencia daquelas persoas interesadas que non emenden os defectos sinalados.

Os acordos da Xunta de Goberno Local de concesión ou denegación das subvencións poñen fin á vía administrativa.

Artigo 36 COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

De acordo ao artigo vixésimo sexto da RES 8/7/22, e unha vez debidamente xustificada a execución das actuacións o órgano instrutor realizará as comprobacións, inspeccións e informes técnicos pertinentes, emitindo os requirimentos que se consideren necesarios para completar a información e documentación ou aclarar calquera aspecto delas, verificando en todo caso antes de proceder ao pagamento da axuda, ademais dos requisitos previstos na normativa reguladora das subvencións para a xustificación e pagamento das axudas, o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exixencias establecidas na resolución de concesión, no Real decreto 853/2021, do 5 de outubro, e nesta resolución.
- b) Que para a súa execución se contaron con todas as autorizacións necesarias.
- c) Que os pagamentos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pagamento das ditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de concesión.
- d) Que consta o correspondente certificado de final de obra.
- e) Que constan os Certificados de eficiencia enerxética (RD 390/2021) do estado previo e final das actuacións debidamente inscritos no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios de Galicia (RGEEE).
- f) Que consta a documentación acreditativa da retirada do edificio obxecto de actuación daqueles produtos de construción que conteñan amianto conforme co previsto no artigo 11.1.c) do Real decreto 853/2021, do 5 de outubro.
- g) Que a persoa ou entidade beneficiaria, así como as persoas beneficiarias individuais se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Así mesmo, verificaranse todos os requisitos recollidos no artigo 13 da Lei 38/2013 de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 37 DENEGACIÓN DAS SUBVENCIONS SOLICITADAS

O incumprimento das obrigas e condicións recollidas nesta convocatoria, así como de calquera dos requisitos previstos no PRTR e a RES 8/07/2022 para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria, será causa de denegación das subvencións.

En concreto, serán causa de denegación as seguintes:

1. Non executar as obras de conformidade cos prazos e condicións previstos nesta convocatoria e nas resolucións de cualificación provisional e aprobación inicial.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

2. Non executar as obras de conformidade coa licenza ou comunicacion previa de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, de tal xeito que resulte imposible a súa legalización dentro do prazo indicado na resolución de cualificación provisional.
3. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 38 PAGAMENTO DAS SUBVENCIONS

O pago realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto nas bases e convocatoria ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas, sen poder superar en ningún caso a cantidade calculada inicialmente.

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, as persoas beneficiarias deberán presentar os seguintes certificados:

1. De titularidade da conta bancaria que designen para o pagamento
2. De atoparse ao corrente de débedas coas seguintes administracións:
 - Axencia Estatal de Administración Tributaria
 - Tesouraría Xeral da Seguridade Social
 - Consellería de Facenda da Xunta de Galicia (salvo autorización para a súa consulta).
 - Concello de Santiago de Compostela (salvo autorización para a súa consulta).

Artigo 39 PERDA E REINTEGRO DA SUBVENCION

De acordo ao artigo vixésimo noveno da RES 8/7/22, será causa de perda e posterior reintegro da subvención, ademais dos supostos previstos nos artigos 37 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño:

- a) O incumprimento das obrigas establecidas.
- b) A falta de xustificación total das actuacións correspondentes dentro dos prazos establecidos.
- c) O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, así como o incumprimento de calquera outro aspecto da normativa que estea vinculada ao PRTR, conforme o artigo 7.sétima da Lei 11/2020, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, comportará, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.
- d) O incumprimento do principio de DNSH e/ou da etiquetaxe climática.

O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, se é o caso, para facer efectiva a devolución, será o previsto no capítulo II, do título III do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 e nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela.

SUBVENCIONS CONTORNA RESIDENCIAL DE REHABILITACION PROGRAMADA
PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA
CONVOCATORIA

ÁMBITO

